

> CATEGORÍA INFANTIL NIVEL A (INFANTIL, PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA)

As noticias mellor debuxadas do concurso 2019


Programa Prensa-Escuela publica os traballos ganadores da décimo sexta edición do certame Mellor Periodista Infantil e Xuvenil

F Chegaron para quedar, din os expertos. E para ternos a todos desacougados, diría Leo, flamante gañador do concurso Mellor Periodista Infantil e Xuvenil. As avespas velutinas foron o tema do seu debuxo, que os xuíces premiaron de xeito case unánime.

O xurado do concurso que convoca o Programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia estivo presidido por Rafael Sanguino Martínez, director de Márketing e Ventas, e foron os seus membros César Casal González, subdirector de Información, Sandra Faginas Souto, xefa de Suplementos, Sara Carreira Piñeiro, xornalista, e Carlos Ocampo Pérez-Gorostiaga, coordinador de La Voz de la Escuela. Exerceu como secretaria María García de Dios Rodríguez, do departamento de Márketing.

Pero ningún dos outros finalistas desmereceu do traballo gañador. Por suposto, nin o segundo, no que Sofía reflicte o tan actual da igualdade da muller, nin o de Mencía, que quedou terceira cun problema de medio ambiente que parecería unha mala chanza de ciencia ficción se non fose polas evidencias científicas que corroboran que o plástico invadiu xa o planeta.

PRIMEIRO PREMIO



LEO FERRO DÍAZ. Primeiro de primaria do CEIP Barrié de la Maza (Sada, A Coruña)

Premiados

PRIMEIRO PREMIO

Leo Ferro Díaz, 1.º de primaria do CEIP Pedro Barrié de la Maza (Sada, A Coruña).

■ Premio: unha fin de semana no Parque Warner (Madrid) para catro persoas.

■ Premio ao profesor: Lucía Palomanes Carreira.

SEGUNDO PREMIO

Sofía Carreiras da Costa, 1.º de primaria do CEIP de Foz numero 1 (Lugo).

■ Premio: unha cámara de fotos dixital.

■ Premio ao profesor: M.ª Lourdes Rego González.

TERCEIRO PREMIO


Mencía Diéguez Folla, 6.º de infantil do colexio Pablo VI-Fátima (A Rúa, Ourense).

■ Premio: un reprodutor MP4.

■ Premio ao profesor: Clara Lozano Díaz.


■ Premio para os profesores: unha barra de son con Bluetooth.

SEGUNDO PREMIO



SOFÍA CARREIRAS DA COSTA. Primeiro de primaria do CEIP Foz número 1 (Foz, Lugo)

TERCEIRO PREMIO



MENCÍA DIÉGUEZ FOLLA. Sexto de infantil do colexio Pablo VI-Fátima (A Rúa, Ourense)

> CATEGORÍA INFANTIL NIVEL B (DE TERCEIRO A SEXTO DE PRIMARIA)

Os traballos máis apegados á actualidade

Amais de debuxar a noticia elixida para concursar, os maiores dos pequenos tiñan que amosar as súas habelencias literarias cun breve resumo

Se o coñecemento da actualidade foi a característica dominante nos finalistas do primeiro nivel da categoría infantil, no nivel dos maiores dos pequenos a iso hai engadir a preocupación social, a vulgar polos temas elixidos para superar o reto de ilustrar unha noticia, poñerlle un novo titular e resumir o seu contido coas súas propias palabras. E unha vez máis o xurado viuse en graves apertos para tomar unha decisión, dada a calidade xeral dos traballos.

Magalí Delgado demostra sensatez á hora de valorar a diversión con videoxogos. Non son malos, di, e ten razón, pero hai que ter coidado de non caer na adicción, porque pasarían de alternativa de entretemento a producir danos na vista, agresividade, alucinacións... E debuxa unha expresiva metáfora do que significa caer nunha adicción.

Ao momento de publicarse este suplemento, o xornal leva xa algunhas semanas falando do tema da prevención dos incendios forestais. María Parente deunos a súa visión do perigo que supón esta lacra que padece Galicia, e lembra que xa en marzo deste ano houbo algúns fogos de magnitude considerable.

E Mariana Caracas elixiu un tema que lle permitiu expresar a súa coloreada versión da noticia: as consecuencias das accións vandálicas dos grafiteros, neste caso dos que actúan deteriorando os vagóns dos trens.

PRIMEIRO PREMIO

PROGRAMA PRENSA-ESCUOLA
La Voz de Galicia

XVI CONCURSO MEJOR PERIODISTA INFANTIL Y JUVENIL
CATEGORÍA INFANTIL - SEGUNDO NIVEL

DIBUJO

NOTICIA

“Videoxogos: as pantallas non son un canguro”.

Os videoxogos son un bó entretemento, sempre que non se abuse de eles. Principalmente porque poden dañar a vista, producir alucinacións, estrés, agresividade, etc.

Ademais, hai que ter claro que un videoxogo, non é ningún canguro para un neno. Os mismísimos probadores de videoxogos son conscientes de ello. De feito, certos xogos de moda

unidos a determinadas situacións persoais, poden ser un cóctel peligroso e converter un videoxogo en adicción, polo que estes requiren vixilancia e un uso responsable.

MAGALÍ DELGADO DÍAZ. Quinto de primaria do CEIP Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña)

Premiados

PRIMEIRO PREMIO
Magalí Delgado Díaz, 5.º de primaria do colexio Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña).
Premio: unha fin de semana en Port Aventura (Tarragona) para catro persoas.
Premio al profesor: Silvia Rodríguez Vázquez.

SEGUNDO PREMIO
María Parente Turnes, 6.º de primaria do CEIP Barrié de la Maza (Santa Comba, A Coruña).
Premio: unha cámara de fotos dixital.
Premio al profesor: M.ª Dolores Pérez Cancela.

TERCEIRO PREMIO
Mariana N. Caracas Zorrilla, 5.º de primaria do CEIP Juana de Vega (San Pedro de Nós, A Coruña).
Premio: un reprodutor MP4.
Premio al profesor: María de la Luz Martínez Rico.

Premio para os profesores: unha barra de son con Bluetooth.

SEGUNDO PREMIO

La Voz de Galicia

XVI CONCURSO MEJOR PERIODISTA INFANTIL Y JUVENIL
CATEGORÍA INFANTIL - SEGUNDO NIVEL

DIBUJO

NOTICIA

«FALTAN MEDIOS PARA GANAR A LOITA»

Unhas 140 cuadrillas deben atender aos 19 distritos nos que se divide Galicia e á vez cubrir queixas diarias. Case trinta incendios estivon o 26 de Marzo do 2019 activos en Portugal. A peor parte foi a de Braga.

MARÍA PARENTE TURNES. Sexto do CEIP Barrié de la Maza (Santa Comba, A Coruña)

TERCEIRO PREMIO

La Voz de Galicia

XVI CONCURSO MELLOR XORNALISTA INFANTIL E XUVENIL
CATEGORÍA INFANTIL - SEGUNDO NIVEL

DIBUJO

NOTICIA

Dos grafiteros han sido detenidos por daños en trenes.

El pasado 4 de febrero han sido detenidos dos jóvenes tras hacer una de sus más de sesenta pintadas. Analizando los grafitis, la Policía Nacional descubrió las identidades de los autores. Estos jóvenes se organizan para las pintadas y no temen agredir a los agentes de seguridad.

MARIANA N. CARACAS ZORRILLA. Quinto do CEIP Juana de Vega (San Pedro de Nós)

MODALIDADE ENTREVISTA. PRIMEIRO PREMIO

> DESIRÉE VILA | ATLETA

«No me siento ninguna superheroína»



PONTEVEDRA | Deportes que practica y por qué se decidió por ellos son algunas de las preguntas que nos responde Desirée Vila, atleta paralímpica.

—¿Qué deportes has probado antes del atletismo?
—Antes del accidente hacía gimnasia acrobática. Pero después probé la natación, el baloncesto y el tenis en silla.

—¿Por qué te has decidido por el atletismo?
—Me motivó mucho el hecho de volver a pertenecer a un grupo y me animó a comenzar a competir.

—¿Cuál fue la sensación la primera vez que corriste?
—La primera vez que corrí me eché a llorar porque llevaba un año largo sin correr. También me caí y me gustó tanto volver a tener esas sensaciones que decidí que iba a correr más que nunca, porque querer es poder.

—¿Cómo organizas el tiempo?
—Intento aprovecharlo al máximo! Me gustaría poder dedicarle

más horas al ámbito académico, pero de momento estoy muy centrada en el deporte y voy sacando las asignaturas a medida que puedo.

—¿Qué te ayudó a seguir adelante?
—Sobre todo mi familia y mis amigos y toda la gente que me apoyaba y confiaba en mí.

—Lo normal sería esconder la prótesis, sin embargo, tú tienes una de purpurina dorada, ¿esta tiene algún significado?
—Primero intentas pasar desapercibida, pero esto no es posible, con lo cual decidí que la gente me mirara con cara de «guau» que pierna más chula, además soy muy presumida.

—¿Imaginaste que llegarías a ser la inspiración de otras personas?
—No, porque yo no me siento ninguna superheroína, ni una persona más fuerte o más valiente que el resto de la gente. Simplemente he sabido aceptar mi situación y volver a tener una

vida lo más parecida a la que tenía antes. Sin embargo, me alegra saber que mi historia puede ayudar a personas que estén pasando por este tipo de dificultades. Eso me hace muy feliz.

—Tu frase «Lo único incurable son las ganas de vivir» ¿qué significado tiene?
—Me la transmitieron en el hospital poco después de amputar la pierna, por eso significa tanto. Es mi filosofía de vida: siempre hay baches, pero lo importante es lograr superarlos

—¿Cómo te gustaría verte en un futuro?
—Me encantaría estar entre las 8 primeras del mundo, ir a los juegos olímpicos, poder trabajar de lo que estudio conectado con el deporte e intentar con mi ejemplo facilitar el camino a otras personas con discapacidad. Todavía queda mucho por trabajar para lograr la igualdad en el

> Iria López Gestal

deporte adaptado y mostrar a la sociedad que somos personas igual de válidas y que tenemos muchísimas virtudes a pesar de nuestras limitaciones físicas.

> PERFIL

Desirée Vila es una atleta paralímpica. Debido a un error médico le amputaron la pierna después de una fractura de tibia y peroné cuando entrenaba gimnasia acrobática (deporte en el que fue campeona de España y llegó al mundial). Actualmente compite en 60, 100 metros lisos y salto de longitud y posee el récord de España en las tres modalidades. Estudia Relaciones Internacionales en la Universidad Rey Juan Carlos.

Premiados

- **PRIMEIRO PREMIO**
Iria Gómez Gestal, de 1.º de ESO do CPR Salvador Moreno (Pontevedra).
■ Premio: unha fin de semana en Londres para catro persoas.
■ Premio ao profesor: Eusebia Pintos Loira.
- **SEGUNDO PREMIO**
Nerea Mera Castro, 1.º de ESO do IES Lamas de Abadae (Santiago).
■ Premio: un libro electrónico.
■ Premio ao profesor: Maricarme García Ares.
- **TERCEIRO PREMIO**
Alonso Fernández López, do colexio plurilingüe Divina Pastora (Ourense).
■ Premio: un altofalante sen fíos.
■ Premio ao profesor: Gonzalo Sánchez Busóns.
- **Premio para os profesores: unha barra de son con Bluetooth.**

SEGUNDO PREMIO

> PILAR LÓPEZ DÍAZ | XUBILADA

«Só quedaron as mulleres e os vellos na aldea»

SANTIAGO | Unha das datas mais traxicas para os españois foi o 17 de xullo de 1936, data na que estalou a Guerra Civil española

—Bis, que parte da túa vida borrrías?
—Sen dúbida cando foi a Guerra Civil española. Tiña 12 anos, pasámolo moi mal, pero case foi peor despois da guerra, porque foi cando racionaban a comida... Foi unha época que recordo con moita tristura e fame. Ademais non quedaban homes para traballar, so quedaron as mulleres e os vellos na aldea.

—E logo, todos os homes tiveron que marchar a guerra?
—Si, chamaban a todos os que tiñan entre 17 anos e 30 anos máis ou menos... Os únicos que se libraban eran nas casas onde había 4 irmáns varóns. Entón deixaban o maior.

—E se non querías ir?
—Tiñas que ir igual, foras desas ideas

para dicir onde estaban, que a maioría foron para Barcelona e despois xa lles contestabamos nós.

—Quen escribía as cartas?
—Xuntabamos para escribir e ler as cartas... Teño escrito ata seis cartas pola noite para os homes da guerra, porque daquela a maioría das mulleres non sabían ler nin escribir.

—Canto tempo tardabas en escribiras?
—Non moito porque non había moito que dicir

—Por que?
—Porque non podíamos falar de moitas cousas, só de como estábamos e pouco máis xa que as cartas estaban vixiadas e podían castigarte e ir o cárcere.

—Como funcionaba o correo daquela?
—Tardaban de 15 días a tres semanas, pero moitas veces perdíanse. Para mandar as cartas tiñamos que ir a Sarria porque había que poñerles un selo pero para recibilas non, porque o carteiro deixábaas nunha casa que se chamaba a casa de Silva, e nos íamos buscalas alí.

> Nerea Mera Castro

> PERFIL

Vive nunha pequena aldea de Lugo que se chama Monseiro e o pasado 29 de marzo cumpriu 95 anos! Case un século! Agora está xubilada, pero antes era labrega e ama de casa. A pesar das súas tristes vivencias é unha persoa moi alegre e doce e é a miña bisavoa!!

TERCEIRO PREMIO

> BEATRIZ GÓMEZ VALCÁRCEL | PRESIDENTA DE COMERCIO DE OURENSE

«Cuando un comercio cierra muere una parte del alma de nuestra ciudad»

OURENSE | Me recibe en la sede de la Federación de Comercio. Habla de su tarea en la Federación con entusiasmo y determinación, trasluciendo su condición de mujer luchadora, cercana y amable.

—¿Por qué es importante el comercio local?
—Es un elemento fundamental en las ciudades, da luz y dinamismo a las calles. En nuestra ciudad es importantísimo por ser uno de los motores principales en la generación de empleo.

—¿Para qué sirve la Federación de Comercio?
—Representa, fomenta y gestiona los intereses del comercio provincial, mantiene contacto con los organismos oficiales, asesora e informa a los comerciantes. Organiza también campañas para revitalizar el comercio.

—Llevas casi tres años en el cargo. ¿Qué balance haces de tu trabajo al frente de la Federación?
—El comienzo fue agri dulce. Poner a andar un proyecto nuevo no es sencillo, pero hoy puedo decir que el balance es positivo. Es una lucha constante y difícil por la situación delicada que está atravesando nuestro comercio.

—¿Qué momento destacarías?
—Sin duda las reivindicaciones del 20 de febrero pasado. La unión del comercio, la implicación de la ciudadanía y de todos

los sectores de la provincia fue ejemplar en Galicia, donde Ourense fue pionera.

—¿Qué campañas organizáis a lo largo del año?
—Varias, las más importantes el Día del Padre, de la Madre y, sobre todo, la campaña de Navidad, que es fundamental para el comerciante.

—¿Qué problemas encontráis?
—La financiación; necesitamos mayor compromiso de las Administraciones.

—¿Que le dirías al consumidor para que elija el pequeño comercio?
—Comprar en Internet o en grandes superficies no crea riqueza para nuestra provincia. El comercio local genera más empleo que sectores como el automóvil o los bancos.

—¿Y a alguien que quiera poner en marcha un negocio en nuestra ciudad?
—Crear un proyecto y confiar en su ilusión, sin decaer ante la burocracia o las dificultades.

—Y para terminar, ¿qué esperas del futuro?
—Que se frene el constante cierre de comercios, pues cuando uno cierra, muere una parte del alma de nuestra ciudad. Querría que el comerciante sea de nuevo la pieza clave de la economía ourensana como lo fue durante muchos años.

> Alonso Fernández López

> PERFIL

Formada en Zaragoza, desde 1987 regenta la peluquería que lleva su nombre. Ha ocupado puestos de responsabilidad desde hace dos décadas, primero en la Asociación de Peluquería y Estética de Ourense, y desde 2016 es la primera mujer que preside la Federación de Comercio de Ourense.

MODALIDADE OPINIÓN. PRIMEIRO PREMIO

Veó si, veó non

F Estamos vendo ultimamente nos medios de comunicación que durante estes últimos meses creceron as protestas en Irán contra a imposición do veó. Ducas de mulleres saen os mércores en Teherán soltando os seus cabelos e ondeando un *hijab* branco para reclamar a liberdade de vestimenta. Como resultado deste acto reivindicativo, 29 mulleres foron detidas e todas as que se manifestaron foron reprimidas duramente pola policía.

Nembargante, para comprender esta cuestión peliaguda que para uns representa o decoro e para outros a ausencia total do respecto polas tradicións, faremos memoria. Na dinastía dos Pahlavi (1925-1979) prohibiuse ou, cando menos, intentouse prohibir o veó para poder ofrecer unha imaxe de modernidade e apertura a Occidente. Este Goberno do sah de Persia estivo vinculado aos Estados Unidos e ao Reino Unido debido á necesaria cooperación destes países para a modernización da industria de Irán. Este período de intento de

tránsito cara a un mundo modernizado segundo os estándares dos países occidentais propiciou un descontento da cidadanía que rematou coa proclamación da república islámica e a volta as tradicións. Polo tanto, o uso do veó converteuse nun primeiro momento nun símbolo de rexeitamento das políticas opresivas do sah.

Con todo, as mulleres novas e de mediana idade loitan contra un costume que se converteu en obriga e sobre o que non teñen dereito a decidir e por iso algunhas pintan os labios con abundante carmín ou deixan que os seus cabelos se deixen ver entre a tea, como sinal de protesta. Por iso se alían coas novas tecnoloxías para reivindicar o seu lugar.

Os nosos ollos de mulleres occidentais móstrannos unha realidade que non podemos nin tan sequera concibir e moito menos compartir. Temos claro que a elección da nosa vestimenta correspóndenos soamente a nós e que non é a nosa responsabilidade nin a nosa culpa a reacción



doutras persoas sobre os nosos corpos. Mais, como se pode sentir unha muller á que non se lle permitiu tan sequera reflexionar sobre a súa propia corporalidade? Pode un país manter normas sobre a moral baseadas na interpretación que fan os aiatolás do Alcorán?

> Ana Covadonga Rodríguez Marqués

SEGUNDO PREMIO

Présa

Vivimos na cultura da présa. Présa por medrar cando somos nenos, por traballar e ganar os nosos propios cartos cando somos mozos e por morrer cando, centrados en conseguilo todo rapidamente, esquecemos a sentido da propia vida.

Pasamos toda a semana agardando polo venres e o curso pensando no verá. Devecemos por que pasen rápido 360 días ao ano para gozar dos cinco, ou seis, que dura a nosa viaxe sonada, o reencontro coa nosa familia ou as festas mais importantes da bisbarra. E mentres, a vida escápanos das mans. O noso tempo, o máis valioso que temos, esvaece diante dos nosos ollos, ou máis ben no medio dos nosos pensamentos de futuro, para non volver xamais.

De que serve tanto pensar no que vai vir e tan pouco no presente? De nada. Tan so contribúe a non valorar o que temos, a crear expectativas que quizais nunca se cumpran e a malgastar o único que nunca recuperaremos, o noso tempo.

Resultaría infinitamente máis útil facer o esforzo de atopar cousas que nos fagan sorrir cada día, que nos lembren que paga a pena saír á rúa mesmo o día máis triste e marcado pola rutina.

Non son grandes cousas, máis ben todo o contrario. Trátase de pequenas ac-

cións, xestos, persoas. Escoitar esa canción que che trae tantas lembranzas, pasear pola túa rúa favorita da cidade ou falar con esa persoa da que sempre aprendes algo novo. Practicar un deporte, aprender unha lingua, axudar aos demais, ler, investigar, aprender. Sentir que cada día que pasa é útil para a nosa aprendizaxe, iso é o que de verdade importa.

Rodearnos de persoas que nos aporten e nos axuden nos peores días. Aprender a distribuír o noso tempo entre traballo e afeccións, ou mesmo tan só entre afeccións, se temos a sorte de traballar naquilo que nos gusta. Sexa como sexa, resulta de vital importancia contar cun tempo para facer o que a un máis lle gusta. De non ser así, como reaccionaremos ao xubilarnos e dispor de 24 baleiras horas ao día que resultarán completamente insoportables? Que pensaremos cando esteamos ás portas da morte e nos preguntemos se de verdade gozamos do gran regalo que é vivir?

O máis probable é que nos sintamos terriblemente arrependidos de non ter gozado de cada un dos nosos días correndo cara a un hipotético e inexacto futuro en troques de centrarnos no realmente importante, o camiño que nos leva ata el.

> Alba Franco Hernández

Premiados

■ **PRIMEIRO PREMIO**
Ana Covadonga Rodríguez Marqués, 1.º de bacharelato do IES Ribadeo Dioinisio Gamallo.

■ **Premio: unha fin de semana en Londres para catro persoas.**

■ **Premio ao profesor: J. Manuel Yáñez Dablanca.**

■ **SEGUNDO PREMIO**
Alba Franco Hernández, 2.º de bacharelato do colexio La Salle I (Santiago).

■ **Premio: unha pulseira de actividade.**

■ **Premio ao profesor: Xoán Luís Rilo.**

■ **TERCEIRO PREMIO**
M.ª José León Fernández-Reyes, IES As Lagoas (Ourense).

■ **Premio: unha cámara deportiva.**

■ **Premio ao profesor: Remedios Alonso Iglesias.**

■ **Premio para os profesores: unha barra de son con Bluetooth.**

TERCEIRO PREMIO

Presos de la realidad

No nos hacemos una idea de los miles de artistas que mueren encerrados en el cuerpo de gente común. Somos educados para vivir según unas pautas inculcadas por terceros anónimos y completamente ajenos a nuestras vidas. Formamos parte de un orden inalterable que nos impide desarrollar las capacidades particulares de cada uno. Desde pequeños, los estudios se centran en la memorización y en los números, relegando las asignaturas artísticas a un segundo plano. Imponemos lo lógico a la emoción.

Hablo de mi situación y seguro que de muchas otras cuando describo un entorno en el que dedicarse a una profesión artística no se considera siquiera una opción. Desde que soy pequeña he escuchado que quien escoge estos trabajos lo hace porque no es lo suficientemente inteligente para hacer una carrera de verdad. Si se te dan bien las matemáticas, llegaras muy lejos; si se te da bien la pintura, es mejor que busques una alternativa porque no puedes dedicarte a eso. Lo cierto es que hay muchos tipos de inteligencias, sin embargo parece que nuestro sistema educativo solo contempla dos.

Al salir del instituto, tendremos mil datos en nuestra cabeza y apenas tendremos experiencia en sentir.

La medicina, las ingenierías o el derecho son carreras que permiten nuestra supervivencia. Las bellas artes, la música o la literatura nos dan vida, nos dotan de humanidad. El mayor error que cometemos es centramos en lo primero y olvidar lo segundo. Muchas veces nos movemos a través de una sucesión de días sin sentido y el arte es la chispa que da la emoción a nuestro recorrido. Sin darnos cuenta menospreciamos lo que nos hace felices y despreciamos el talento de quien lo tiene.

Pasamos por alto el valor de las canciones que consiguen hacernos llorar, de los poemas que revuelven algo dentro de nosotros y de las películas que nos cambian un poquito nuestra forma de ver el mundo. Dependemos de esto hasta un punto más alto del que imaginamos, relacionamos fragmentos de todas ellas a momentos de nuestras vidas. Muchos ignoran que el arte es el que nos salva de caer presos de la realidad.

> M.ª José León Fdez.-Reyes



Los mejores raps del agua

Estos son los premiados de la quinta edición del concurso Galicia, Auga, Literatura e Rap, convocado por el Programa Prensa-Escuela y Viaqua.

CATEGORÍA INFANTIL

PRIMER PREMIO

■ **ALUMNA:** Adriana Piñeiro Varela
■ **PROFESOR:** Elías Piñeiro Vila
■ **COLEGIO:** Franciscanas Divina Pastora (Ourense)

SEGUNDO PREMIO

■ **ALUMNOS:** Noa López Tallón, Claudia Arias García, Alejandra Vázquez Fernández, Celia Soto Abejón
■ **PROFESOR:** Clara López Valiña
■ **COLEGIO:** Nosa Sra. de la Asunción (Sarria)

CATEGORÍA JUVENIL

PRIMER PREMIO

■ **ALUMNOS:** Pedro Rodríguez Velilla, Carlota Codesido Bernárdez, Óscar Otero Pérez, Zayra Rozados Romero
■ **PROFESOR:** Luis Miguel Crespo Caride
■ **COLEGIO:** María Inmaculada (Silleda)

SEGUNDO PREMIO

■ **ALUMNOS:** Diego Barreira Sobrado, Mario González García, Javier López Del Río, Ángel Yáñez Santana
■ **PROFESOR:** J. Manuel Yáñez Dablanca
■ **COLEGIO:** IES Ribadeo Dionisio Gamallo

MÁS VOTADO

■ **ALUMNOS:** Hugo Sanmartín Rodríguez, Marta Elisa Sanmartín Campello, Cristina Paderne Roca, Isabela Vélez Gallego
■ **PROFESOR:** Sandra Tenreiro Doldán
■ **COLEGIO:** Poeta Díaz Castro (Guitiriz)